

I

15 de setembro

Meu querido tío:

De acordo coas súas instrucións, dispóñome a polo ao corrente das particularidades da miña chegada a este termo municipal de Nigueiroá e, máis exactamente, ao vilar de Lobosandaus, onde radica tanto a capitalidade do Concello canto a escola unitaria á que accedín en propiedade grazas á paternal protección e munificencia de Vde.

Sito na caeira da chamada Serra Grande, Lobosandaus élle un núcleo de poboación de cen veciños que me produciu unha forte impresión. Silencioso, o sol oblicuo deste remate de verao dálle un carácter mediterráneo, seco, lúcido. O seu campo da feira é unha devesa de carballos varias veces centenarios: aséntase sobre un socalco e faille contorno unha grade de fundición con dous floróns fabricados por

Malingre, imitantes dos da Alameda de Ourense, o que resulta un excelente belvedere sobre as chairas nas que ondula o río mínimo que alí se chama Das Gándaras e que nas cartas xeográficas reza como Lucenza por pasar no seu curso alto pola freguesía de tal nome. Da outra banda daquel espazo de carqueixas e de mato cativo, en cuxas ondulacións os dolmens non son raros, érguese un murallón escuro coroado de agullas de formas caprichosas, coma estrañas esculturas semellantes a fantasmáticas tuberías de órgano. É a Serra, contraria á chamada Grande, dita do Crasto. Nos seus máis altos cotos están chantados os marcos de Portugal. Agora mesmo, mentres lle escribo esta carta, momentos antes de me ir persoar na escola para face-lo acto da miña posesión, estou a ver desde o meu cuarto tan sobrecolledora extensión de baldíos, na que pacen as vacadas destas xentes pastoras e na que os albares producen o mel claro e pesado que lle ten dado merecida sona ao concello de Nigueiroá. Porque é o caso, meu señor tío, que tan axiña como cheguei fun pedido de me aposentar en cas Aparecida e fiquei altamente satisfeito de tal aloxamento.

Teño un amplo cuarto, con escritorio, que dá a unha galería coa que tamén comunican outras habitacións. Desde alí, vendo ao fondo os picoutos da raia, ireille escribindo a Vde. das pequenas cousas que vaian constituíndo o meu vivir en Lobosandaus, lugar que eu sinto agora, apenas unha hora de pór pé a terra da besta que me trouxera desde Bande, logo da viaxe interminábel en dilixencia, coma un final do mundo coñecido, recolleito en si mesmo aínda que solloso, amábel e hospitalario. Aparecida, a patroa da pousada e o seu home Luís non puideron ser máis atentes, cerimonia-

sos e cálidos na recepción que me fixeron. Con eles terei que vivir sabe Deus canto tempo e eles serán os que me introduzan na convivencia e coñecemento das xentes de Lobosandaus das que eu son, desde agora, veciño, aínda que privilexiado a causa da función docente e pública que eiquí me trouxo.

Deséxeme, por tanto, moita sorte meu señor tío, a quen beixo a mao con filial reverencia.